

## CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CLÚSTER DA BIOMASA DE GALICIA

En Santiago de Compostela a data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 181, do 7 de setembro), na súa condición de presidente, actuando en nome e representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, D. Francisco Javier Álvarez Pereiro, con DNI 76899368H como representante legal, en virtude do nomeamento do 24 de febreiro de 2021 en calidade de presidente da Asociación Clúster da Biomasa de Galicia, CIF G42965343 e con domicilio social no Parque Tecnolóxico de Galicia Tecnópole, Avenida de Galicia nº5, código postal 32901 San Cibrao das Viñas, Ourense.

En virtude das competencias que lles corresponden, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación suficiente para formalizar o presente convenio e,

### EXPOÑEN

I. Que Agader é un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural, e contribuír á cohesión do territorio galego.





II. Que o Clúster da Biomasa de Galicia constitúese ao amparo da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación, sendo os seus fins dar resposta aos retos do sector e impulsar o uso das enerxías renovables, ademais de identificar as necesidades que contribúan á diversificación do sector enerxético en Galicia, a través de proxectos de cooperación público-privados.

III. A necesidade de lograr un desenvolvemento sostible e de mitigación do cambio climático a través da transformación dos actuais modelos enerxéticos para consolidar unha economía baixa en carbono. As áreas rurais constitúen elementos esenciais na loita contra o cambio climático e no logro dun desenvolvemento sostible a escala local.

IV. A necesidade de avaliar e aproveitar o potencial da Biomasa en Galicia como fonte de enerxía renovable especificamente deseñada para as necesidades específicas dos ámbitos rurais.

V. A oportunidade de promover desde o ámbito local a xeración e autoconsumo de enerxía para acadar impactos positivos sobre o desenvolvemento rural permitindo a diversificación da actividade produtiva, e o aforro na factura enerxética dos consumidores sexan particulares ou empresariais.

VI. Que ambas entidades dada a confluencia de intereses comúns, están interesadas en levar a cabo unha colaboración a longo prazo para impulsar o desenvolvemento do sector da Biomasa de Galicia a través dun conxunto de actuacións que favorezan a mellora competitiva do sector e impacten de maneira directa na mellora das condicións de vida no medio rural galego.

Existindo complementariedade dos fins perseguidos por ambas partes, as mesmas acordan subscribir o presente CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes,

## CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxectivo xeral do convenio

O obxecto do presente convenio consiste no deseño e posta en marcha dunha serie de accións que impacten de maneira significativa na mellora da calidade de vida dos habitantes do medio rural así como na competitividade das empresas rurais





facilitando a súa necesaria transformación dixital e ecolóxica, mediante o fomento do uso da biomasa local, potenciando a autosuficiencia enerxética e aproveitando as sinerxías con outras figuras socioeconómicas do medio rural galego como son os Grupos de Desenvolvemento Rural ou as Comunidades de Montes.

#### SEGUNDA: Obxectivos específicos do convenio

En particular o presente convenio marco contempla os seguintes obxectivos específicos:

- Apoiar con información e acompañamento as iniciativas privadas que desexen impulsar proxectos vencelladas a valorización da BIOMASA como fonte de enerxía renovable e autóctona con impacto no medio rural.
- Potenciar o ecosistema da bioenerxía para que se estenda polo rural galego co obxectivo da independencia enerxética e da eliminación de combustibles fósiles.
- Mellorar o grao de autonomía enerxética da poboación e empresas residentes no medio rural galego.
- Explorar vías de financiamento para o impulso de proxectos estratéxicos de interese común para ambas partes especialmente no eido da implantación no rural de tecnoloxías bioenerxéticas.
- Organización conxunta de eventos de comunicación e divulgación que favorezan a difusión de boas prácticas e dean a coñecer experiencias innovadoras e de economía circular no medio rural.
- Establecer unha canle aberta de comunicación entre as partes co fin de compartir información de relevancia para o deseño de proxectos.

#### TERCEIRA: Actualización dos obxectivos

Os obxectivos do convenio poderán actualizarse a articularse en función do que establezan ambas partes, contemplándose a sinatura de instrumentos (convenios ou contratos) para materializar actuacións concretas a futuro.

#### CUARTA: Comisión mixta

Para facilitar a execución e desenvolvemento así como o seguimento e cumprimento do presente convenio marco, constituirase unha comisión mixta





paritaria integrada por catro membros, designando cada parte dous deles. Dita comisión constituirase no prazo de trinta (30) días contados desde a sinatura deste convenio marco constituída por dous membros por cada unha das partes segundo os seguintes criterios:

A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, debendo reunirse sempre que sexa necesario para o bo fin da colaboración.

Entre outras, á comisión corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) Proponer actuacións concretas de colaboración.
- b) Preparar os instrumentos futuros ou anexos de execución do presente convenio.
- c) Realizar o seguimento das actuacións específicas que se leven a cabo, así como aclarar e decidir cantas dúbidas poidan xurdir na súa interpretación e execución.

#### QUINTA: Obrigas económicas

O presente convenio marco non conleva contraprestacións económicas para as partes. Será a través de instrumentos futuros (convenios ou contratos) que se anexen o presente convenio as que regulen de xeito específico as obrigacións económicas pactadas en cada caso.

#### SEXTA: Duración

O presente convenio terá unha duración de dous anos a contar desde a data da súa sinatura e poderá prorrogarse automaticamente por ambas partes de mutuo acordo, salvo denuncia por algunha de las partes con una antelación mínima de seis meses á data de vencemento ou de calquera das súas prórrogas.

#### SÉPTIMA: Protección de datos

As partes manifiestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa,





comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto nos regulamentos vixentes.

#### OITAVA: Resolución do convenio

O presente convenio poderá ser resolto en calquera momento nos seguintes supostos:

- a) Por mutuo acordo das partes.
- b) Por renuncia dunha das partes á súa prórroga conforme o establecido na cláusula sexta.
- c) Transcorrido do prazo de vixencia do convenio sen establecerse unha prórroga do mesmo.
- d) Incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos partícipes deste convenio.

#### NOVENA.- Xurisdición

Este acordo marco de colaboración é de carácter administrativo polo que os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

#### DÉCIMA: Publicidade

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das partes asinantes para que a Administración pública galega poida facer públicos os datos persoais e maillo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).





Este convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data arriba indicados.

José González Vázquez  
(P.D. Acordo do Consello de  
Dirección do 21.07.2021)

Francisco Javier Álvarez Pereiro

Presidente da Agader

Presidente da Asociación Clúster da  
Biomasa e Galicia

